

Xogos Florais

XULIO CUNS LÓUSA*

Penso que se pode dicir que os xogos florais constitúen unha das moitas tradicións con que conta Betanzos, pero, iso sí, unha tradición discontinua, tanto no tempo como nas entidades organizadoras, xa que estas foron oficiais coma o Concello, semioficiais coma Comisións de Festexos e completamente independentes coma as Irmandades da Fala, Linceo Recreativo, Candilejas... Pero non se pretende aquí facer unha historia dos xogos florais, senón simplemente unha reseña das catro últimas celebracións, organizadas todas elas polo Concello:

Ano 1992.- Mantedor do certame:
XESÚS ALONSO MONTERO:

1^o Premio:
X. Carlos Gómez Alfaro,
veciño de A Guarda (Pontevedra),

ODA A BETANZOS

I

Bendita ti, zanfoña dos Andrade,
princesa das Mariñas, sacra nora,
capitana do noso reino outrora,
tal vez Brigantium Flavium asemade.

Bendita ti, bacelo de irmandade,
edén dos cabaleiros, nau sonora,
xunqueira das nereidas seductora,
ínelito altar de fe e feracidade.

Bendita ti, Betanzos benfeitora,
ménade precoz, vívida vixia,
nenúfar do Mandeo refulxente.

Bendita, si, doncela trobadora,
matriz do Mendo, alfoz da fidalguía,
berce de Pero Amigo verdecente.

II

Eu teño que cantar, miña señora,
como un xogar idólatra e distante,
as grazas dese peito deslumbrante
e a gloria dun pasado embriagadora.

Eu teño que louva-lo sol de agora,
e o castro que te acolle como amante,
e a paz de tanto templo lumegante,
e a espada deses pazos violadora.

* Xulio Cuns Lousa, betanceiro, é escritor e secretario do *Anuario Brigantino*.

Eu teño que grabar, verxel librado,
mariñán laranxal, cáliz divino,
a ambrosía dun lar inconvencible

que foi matria do sal, forte taimado,
virxe do azogue, lúpulo uterino,
porco bravo e mais oso inesquecible.

III

Oxalá, emperatriz de tal verdura,
Diana axial da marisma betanceira,
sigas sendo bordón e mais troneira,
lúcido globo e agúa ben madura.

Oxalá, gremial dorna da ventura,
ánfora de San Roque feiticeira,
camiñes polos séculos á beira
sempre da heroicidade e da fartura.

Oxalá, rancio Tiobre, aura saudosa,
ondee no teu colo unha bandeira
de ben-aventuranza e mesmidade.

E oxalá sigas sendo ponte rosa,
pasatempo dos deuses, mai mareira,
¡bendita cornucopia dos Andrade!

♦♦♦

2^º Premio:

Ánxeles Penas,
veciña da Coruña.

ODA A BETANZOS, PARAÍSO NO LONXE

Cecais de Breogán lacustre noiva,
soñada para o mar, doncela doce
devalada na ría e fecundada
polas lamas antigas e as enchentes
en vizosa muller fuche voltada:
un ombreiro na punta Carboeira
e outro na punta da Erba, o peito dono
dexergado en Moruxo e na Xurela,
o van gracioso estreitase en Pedrido
e logo estende as coxas xenerosas,
de magníficas curvas, nas marismas
pra rematar nas pernas elegantes
das plateadas augas do Mandeo.

Alí, no embigo mesmo, no seu ventre,
abrazada do Mendo e o Mandeo,
érgueste tí Brigantium, fillo noble,
sobre o Castro de Untia,
sobre o cume druídico que lembra

noites de fogo e cantos rituais;
érguste tí pra o ceo como pirámide
como alta escaleira que nos pula
e nos asombra e céibanos cantigas
da ucha arcaica da gorxa
e tamén bágoas de ferida beleza
¿De qué fervente amor naceu o soño
que un día te enxendrou?
¿En qué atanor alquímico coceron
as formas do teu ser incomparable?
¿En qué obradoiro se teceu a renda
que enfeita as tuas pedras?
¿Cales dedos abriron esas portas
da Ponte Vella, da Ribeira, do Orrio
que nos levan ás ruas do misterio
e ás congostras segredas e caladas?
¿Qué Vulcano forxou os ferros nobles
das reixas, dos balcóns ou das farolas?
¿E esa acougada luz, da cal ollada
sobor tí descendeu para alumarte?

Camiñamos por tí a pasiño quedo,
co feitizo na pel, ese arreguizo
que ven no vento en trovas lexendarias
e hai perfumes antigos de pexegos,
de maceiras e ameixas e cerdeiras;
cheira a tahona quente, a pan dourado
e o viño corre ledó na taberna:
viño doncel, noviño, xeitosiño
que quenta sin queimar e aguza o inxenio,
dalle ás xentes un xeito de vivir,
humor sinxelo que alcuma sen ferir;
no solpor soa o son atardecido
das cantigas gremiais
e mareantes e labregos con invisibles pes
bailan no aire.

Luz veneciana apóusase nos vidros,
tingue de cor dourada as balconadas,
ensoña nos tellados tempos idos,
esbara polas ruas i o peirao
e lambe con saudades o sartego
de Andrade o Bó, señor impresionante
sobre as forzas tremendas
do xavarín e o oso que nos falan
de destemidos homes e das xestas
con que fixeron noble esta cidade;
e logo reza a luz, cando acariña
as figuras de Códice ou Beato
das eirexas do Azougue e de Santiago,
despois tomba nas fontes e nas pontes
eskorrega amatistas e esmaraldas,
fai un círculo astral na Roibeira.
No pregizoso esteiro vai o río,
adurmiñando nas xunqueiras maino,

coma vello fidalgo non ten présa,
leva o tempo dos astros no seu ritmo
mentras vai para os ártabros abismos
en folgado camiño vagacento
e Betanzos no lonxe é xa esa illa
que pon no corazón un Paraíso.

♦♦♦

3^o Premio:
Iago Camacho Souto,
da Coruña

PREGARIA

"Ata o solar dos cántabros, na costa áchanse, primeiro, os ártabros, que pertencen aínda á nación céltica".

(P. Mela, "Chorographia", III, 3, 12, 13.).

"Os ártabros teñen as súas cidades aglomeradas na baía á que os mariñeiros que por alí navegan chaman Porto dos Artabros".

(Strabón, "Geographia", III, 3, 5.).

"Os ártabros eran os ocupantes da zona comprendida sobre as tres rías de A Coruña, Betanzos e O Ferrol".

(A. García y Bellido, "Comentarios a la Geografía de Strabón", páx. 115, not. 183.).

I

Amosáronnos un día que tí, Betanzos,
naciches baixo o glorioso signo da caste celta
-como leda deusa do inmenso chán de Breogán-
e que os confíns do mundo en tí non se atopaban
pois traías nas túas mans o vello carballo de ouro
para construí-la nave coa que Brigo cruzou tódolos mares.

Pero agora -cando xa te coñecemos- sabemos que, ademais,
gardas nas túas entrañas a secreta cidade prohibida
-nas terras do edén entre o Mendo e o Mandeo-
co antigo e potente clamor dos tronos e dos lóstregos
que gardan as proezas do insigne pobo dos ártabros.

Tí, Betanzos, acénde-la lámpada da memoria
na diaria loita sobre as nosas orixes;
tí, Betanzos, aluma-las tebras que nos asaltan
-xeradas polos que queren confundirnos-
na incesante búsqueda da identidade galega.

II

Podemos atopar na túa magnífica xeografía
as pisadas dun pasado totalmente noso:
indómitas xentes dos grandes castros
que, adorando a uns deuses tan enormes,
souberon deseña-los bosques máis sagrados;
mariñeiros que en océanos sen límites

levaron con orgullo a brillante e nobre insignia;
señores dunha terra verde e doce
que construíron basílicas coa pedra exacta;
labradores que con pulso firme e man destra
debuxaron os regos espléndidos e profundos;
abades e guerreiros, templarios de Galicia,
na defensa da Cruz dos nosos pais;
admirables poetas na inmortal e fermosa lingua
que ningunha outra patria logrou coñecer.

III

Hoxe segues a mostrar a túa forma natural
-no mundo da robótica e da cibernética-
presumindo de inqueda de perfección orográfica
fronte o forzado corpo dos atletas olímpicos,
exhibindo a sá calidade da túa paisaxe
no planeta dos fumes e dos virus.
Regála-lo pan e o viño das mellores colleitas,
ofrecendo o abrigo seguro coas caricias de nai;
os delicados aromas forman parte do teu entorno
-en lembranza permanente ó paraíso do soño-
afirmándote, día a día, coma síntese da galeguidade.

IV

Rogámosche que nos séculos vindeiros
sigas a ser o que sempre fuches.
para que xunto a ti
-metidos nas túas raíces-
podamos falarche como ata agora,
chamando Betanzos ó ledo da vida,
levándote na nosa fiel memoria.

Síntenos preto, escoitanos ó oído,
porque temos moitas máis cousas que dicirche.

♦♦♦

ANO 1993. Mantedor:
XOSÉ NEIRA VILAS:
Premio: **Francisco Xabier Lama López**,
veciño de Santiago de Compostela.

CREPUSCULAR MEMORIA DE BRIGANTIUM

Unha clareza patrimonial de salino celme
coa súa vestidura de resinas biseladas polo mar
chuspe no aire sen hostilidade pero con cobiza
e escorrega polas follas de lúpulo empunando
un tremor bordado de rostos antigos.
Nesa bandeira do destino ondean
coma águas de armiño
Pérez de Andrade co seu rosto de rochedo,
gladiador na soidade azourida dos mortos,
ou os irmandiños de Lanzós coa gorxa roufeña
e un estandarte de lóstregos alborexando.

A língoa mariña xermolada de bulleiros
que trae o fulgor das labaradas oceánicas
enrédase en curvas de gadaña preguiceira
que confirman o orgullo do sol
e esmizan un caravel noctámbulo contaxiado de soneira
cando a lúa proclama a súa herdanza fría.
Por ese mar que é tigre de tenrura
vestido de area celeste
sairon cara a América os fillos de Brigantium
para traficaren con viño e seren libres
baixo a corola inmensa e máxica dos soños.

E aló no berce da vila hai rousiños de escuma
que voan pola Praza do Campo
coma estrelas desmoroadas
mentres os paseantes barallan saudosos o tempo
e traducen a eternidade feudal dos reloxos.
Por alí pasan Mariana de Neoburgo, medoñenta e doce,
disposta a ser raiña adúltera por un verso,
e a viúva de Porlier secundada por un exército de gatos,
ardente de amor entre os tamborís negros da tolura,
ou Antolín Faraldo coa súa tristura de madrugada
fervéndolle conmovida na memoria.

Logo, a noite coa súa teimosía de tebras
arrandéase nos balcóns da infancia
e divulga nas altas horas clandestinas
a blindada melancolía do Azougue.
Alí a pedra cala coma un can engulido pola lúa,
triumfa un silencio inesgotable de enxeñería divina
e nos seus ámbitos sostidos nas arañeiras do abreinte
o vento debuxa cos seus beizos
unha inquedante sombra vulnerada.

Corre a noite polas rúas lizgaira e pura
coa súa voz transparente da ás mouras,
ou agáchase en soportais axexados polo medo
coa gravidez dun pasaxeiro vacilante
que respira coutado baixo o murmurio das ventás.
Rúas dos Plateiros, dos Ferreiros, ou das Monxas,
territorio sagrado na paz eterna do inverno
cando a chuvia se extravia con pétalos de prata
e moumea desde a súa raíz de corazón silvestre
músicas de veludo sobre unha rosa de granito.

Nalgunha parte o tempo é verdade moega,
integridade de séculos desprezados pola morte,
quizais no xardín do Pasatempo onte a reputación
da memoria ten algo de reconto pantasmal.
Alí os Papas escintilaban sobre as augas
con ollos de avelás glaucas e os emperadores de mármore
semellaban animais noitébregos dispostos a narrar
verdades inconfesables da súa terrible nostalxia.

Din tamén que dunha arca de Noé agromaban
cisnes negros e brancos
coma delicados acróbatas e que nun ceador augusto
alguén conversou coa pedra deluvada do destino.

Brigantium, á fin, esteiro de luz
que se mira con ollos meineiros nas augas do Mandeo
e bebe o pulo ouveante das esmorgas
cando baixan coma deuses mollados pola risa
os navegantes que fixeron a rota dos Caneiros.

Brigantium é pel de mar durmido,
territorio de sombras submariñas que se ispen
por calellas onde o tempo
escribe un epitafio de soidade e de area.

♦♦♦

Neste certame pretendeuse premiar outro traballo máis, pero unha vez aberta a plica correspondente resultou ser autora Ánxeles Penas, que fora xa premiada o ano anterior, feito que infrinxía a Base 9 da convocatoria, pero en honor á calidade do poema e, previo permiso da autora, publícase agora:

NUMEN BRIGANTINO

No lonxe escoito as húmidas parolas
que o devalar do río ao vento leva;
son cantos perfumados e anceiosos
das ártabras ondinas e das xanas
dos saudosentos vales do Mandeo.

¡Ouh terra ergueita en min, terra do lume
que druídicos homes benzoaron;
terra de artesa e pan e bidueiros
e de arumes e zumes e costumes
que lembran señoríos e noblezas!

Terra doce si a hai, mol e mansiña
como a ría que vai pra a morte amodo;
terra de amor das augas que se abrazan
no abrollante verxel e bican ledas
as fraguizas profundas e salgadas,
eido de seu, de vida adubiado.

¡Qué fermosura escoa na folganza
das preguizosas masmas que se entregan
á chamada do Atlántico: ese reino
de inmensidade atroz que domearon,
ese fero señor que agora as bica
e faise servidor e cabaleiro!
¡Qué garimoso e ir polos camiños
nos que onte broslou incertos mapas,
hai un cifrado rumbo e hai pegadas
que un recoñece suas e no aire
un brigantino numen fai acenos!
Betanzos ten un eco, unha chamada,

unha campá segreda, ten un anxo
con prateadas azas de dous ríos:
Mendo e Mandeo mandan nos meus versos,
signan ó mundo e selan as lembranzas;
son dúas máns riscando nos papiros
dun tempo inmemorial sempre anovado.

Betanzos é un perfume, un arrecendo:
mosto e fatós e fume de tahona;
é un colo-nai, un berce que aos arrollos
abala o morno azul e acolle e abre
pontes e portas a unha tardelonga
con calma de fogar e con cantares.

¿Qué decirche, Betanzos?

No silencio

agóchase a verdade, a verba xusta;
hai unha arca no peito ben pechada;
seite sentir: mandala, centro, enigma
de liturxias antigas no teu Castro;
alí purran por mín e alí te canto,
ollo de luz das ártabras marismas.
Gardo días de sol, tardes de sombra
da miña infancia solpreendida e leda
na rúa de Lanzós, o xogo libre
coas pequenas amigas gareliñas;
e recordo o silencio das eirexas
onde rezaba á forza e as campanas
a debullar o tempo e os domingos
de banda e baile e mozos ensoñares;
e aínda me sabe a festa, a bica, a rosca
e San Roque está alí, sempre aguichando.

Cando digo Betanzos brinca a vida,
un xilgaro cantor enche os espazos
do corazón de eterna primavera,
o mundo faise amigo e habitable,
as mágoas deixan paso a unha mainiña,
luminosa saudade: a un algo rexo
que no cumio do Castro aínda pervive,
un imborrable signo que avincalla.

Choro de gozo e sinto unha caricia
cando contemplo as pedras medievais
e véxome en devalo polo río
camiño de Caneiros intempóreos,
dunha festa sin fin na que xunguidos
os betanceiros todos tamén vades.
A cidade dibúxase no lonxe
coma unha branca xema entre esmeraldas.

♦♦♦

ANO 1994.- Mantedor:
SALVADOR GARCÍA-BODAÑO ZUNZUNEGUI:
Premio: **Julián Ferrer García**,
de Betanzos.

DE BORDE

Límiar

O M.C. do que falo
non é "hammer",
nin martelo,
nin naceu en Nova Iorque.
Fala a lingua voandeira dos paxaros
en salaios quedos,
en marmurios largos,
en silencios cheos,
nas olladas loiras dos seus ollos claros.

O M.C. do que falo
ten o dicir suave
con acento da Provenza.
O M.C. do que falo namorouse
das ondas do mar de Vigo.
Namorado cada día
do mar cada día vivo,
fecundamente eterno,
eternamente cheo,
eternamente recollido.

Ensinoume o M.C. do que falo
o dicir redondo do namoro.

Ensinoume o colle-e-deixa da marea
cautiva en cada praia namorada.

!Ensinoume a vindicar iste que digo
a linguaxe dun poema para todos!

Muiñada. Caraña.

Rexos castiñeiros fitos,
amieiros de doce sombra,
carballeiras sempre vellas,
ouvían a doce sona.

Da pedra albeira rodando
ouvían a doce sona.

Primaveiras de rapazas
e solpores de casadas,
trasnadas de xente nova,
ouvían a doce sona.
Da pedra albeira rodando
ouvían a doce sona.

O pé e a moa se bican
volta a volta, no muiño.
E o bico faise cantar,
flor de fariña, agarimo.

Río Mendo. O Marulo.

De amarelo e lila
vestida de festa.
Coma a beira do río
de amarelo e lila.

Coma a beira do río
ulindo a beleza nova.
Ulindo a amieiros e a herba,
coma a beira do río.

Ulindo a amieiros e a herba
frescos coma terra lenta.
Coma terra nai, coma río,
ulindoa a amieiros e a herba.

Coma terra nai, coma río
coma lingua que nace rexa.
Coma agarimosa lingua nai
vestida de festa, feita río.

Bimbios Loiros. San Xiao.

Dourados bimbios
no ceo verde
da naiciña terra.
A pinga loira
no verde abrazo
da nai primeira.

Tan perto da terra,
atrapando o ceo!
!Namorados bimbios!

Namorados da fonte,
do ceo, e da lúa,
do verde e da terra.

!Bimbios namorados!

Fonte dos anxos
(A Xosé Afonso)

!Augas das fontes, calade!
Que a rapaza soña na beira
co seu cabaleiro branco,
vestido de ferro e ouro,
cabalgando o vento bravo.

!Calade as augas, calade!
Que unha bágoa tristeira
bica o rostro da durmida.
Vaise o cabaleiro á guerra
soas fican as belidas.

As augas calade, !sí!
que un lume acende na cara
un lume aceso nos beizos.
Aceso con bicos suaves
con bicos que son primeiros.
! CALADE !

No Azogue.

Ollabannos pedras loiras
no adro da igrexa nova.
Ao pé a fonte cantaba,
por riba o sol se escondía.

E O XABARIN SEMPRE QUEDO ...
SORRÍA

♦♦♦

ANO 1995.- Mantedora:
LUZ POZO GARZA
Premio: **Xavier Rodríguez Barrio**,
de Lugo.

DESCRICIÓN PARA UNHA ODA BRIGANTINA

*"No milagre longo
coidamos seguir sempre nas barcas devalando"*

U. N. / 1955

Era un val de labrega fermosura, unha mariña ó sol,
un aberto balcón con formas de enseada,
e unha lene claridade pesáballe na terra
que perdura para nosa e máis soñada
para a vida poderosa,
para ser para sempre como existe
alta luz a da súa luz que tanto altea
nese voo en alta pedra onde vivimos
agostos e San Roques tantas veces.
Era cemba a Ponte Vella co río máis en nós
de augas calmas e densas e gozosas,
era un río máis profundo de paixón
como a brasa nese arder que escintilea
era a luz máis luminosa dunha aurora:
todo incendio, todo entrega, todo casa.

Sobre as lanchas brigantinas de San Roque
enchemos o vaso e dos seus dons gozamos.

Era a luz máis amencida dunha albada,
citanía era de Betanzos, val que anaina
recendo denso a ríos, a delirio,
a Campo dos Caneiros,
a videira, a adega con ramos de loureiro,
a Mandeo, a galería, a balconadas.
E a tribo brigantina entre ameneiros
navega con velames de degaro
soles redondos e redondas lúas
cando a auga é territorio, rito as lanchas,
e a viaxe faise voo de rumbos madrugados
ancorando corazóns para a convida.

Sobre as lanchas brigantinas de San Roque
enchemos o vaso e dos seus dons gozamos.

Hai áxiles gaivotas
neste ceo solemne e compartido
e os corpos como albas,
e unha comba de ondas
habita con adentros luminosos
as bocas propicias para as gaitas
inaugurando danzas cando río
é campo de batalla para as flores
nocturnamente azul
nas lanchas de fogo e de farolas
que namoran e abrasan.
E ó espírito Rei Brigo
transítanlle por dentro
as rúas empinadas e os muros cabaleiros
nese azul máis azul como de mar.

Sobre as lanchas brigantinas de San Roque
enchemos o vaso e dos seus dons gozamos.

Outros dirán Betanzos
libera da paisaxe o tanto azul
na paixón tan antiga polo mar
e entrégase á deriva dos teus ríos,
ás luces de amencer que fai o viño
nos vasos rebordantes.
E os altos ollos de balcón ollan as lanchas
de flores e grilandas,
e o río abaixo en cantarela
con raíces de labio nas súas augas.
E vida ardía no Mandeo con rostro de lúa chea
para fundar outro verán
purísimo, outro agosto,
outro astro de luz a San Roquiño
con cabelos de ouro e lume
que ninguén tan mellor dono,
nin patrón tan amador
de tanto paraíso.

Sobre as lanchas brigantinas de San Roque
enchemos o vaso e dos seus dons gozamos.

Todo o que agardamos vén nas lanchas
de ida e volta ós Caneiros paraísos,
ou fican soltas polo río
e gozan nos fluviais de agosto.
Todo o que sentimos devalo é de solpor
sucando o mar como unha trenza polos verdes
en nostalxia de terra e de lentura.
E un épico cantar habita en nós
na muiñeira máis quente de tenrura,
límite onde a vida é tan día que se acende
astro de verán e oráculo invocado
en fragor ritual de paixón e travesía.
Levaremos outros vasos máis profundos
ata os labios e nós como de festa
comendo e bebendo cara ó mar
con lúcido abandono.

Sobre as lanchas brigantinas de San Roque
enchemos o vaso e dos seus dons amamos
que nunca río, nin lancha así gozamos.

♦♦♦

Mención honorífica: **Miguel Anxo Fernán-Vello**, de Lugo.

CANTIGA DA LUZ DA TARDE EN BETANZOS

Vén no ar como un labio esta luz que adiviña
os espellos do río, a namorada calma
da flor lenta da auga que devala a súa seiva
cara ó mar, en Betanzos, esta luz que vándima
o corazón do vento, o sopro transparente
das horas que se inclinan suspendidas no tempo.

Sobre este val a tarde vai peneirando un astro
de claridade espida, outra luz que cintila
sobre os campos que beben o brillo azul do ceo.
E o silencio, esa pausa infinita do mundo,
treme aquí como un gume de delicaca aura
neste país sen sombra onde renasce a vida.

Betanzos é a memoria dunha luz que regresa.

Polas estreitas rúas vai paseniño a tarde
medindo a lentitude dunha melancolía
de casas enlazadas, a liña iluminada
de vidro e sol que roza unha emoción antiga
nesa entraña habitada, ruas de vello enigma
no ar que toca a saudade dunha sazón mariña.

En Betanzos a tarde é un ronselar levísimo
de segredos fundidos no alento das ribeiras,
o misterio das augas tecendo o seu destino
nese sopro fecundo, a ría que pronuncia
delicadas sustancias, o seu fruto sonámbulo
que rebrilla no vento como luz de pureza.

Betanzos é a nostalxia que arborece en palabras.

Cando a luz se desmaia sobre a pedra dormida,
os séculos que alzan a cidade na historia,
un arrecendo íntimo de raíces e néboas,
navíos ancorados mesmo á beira do soño,
viñedos que avivecen nun outono lonxano...
o sangue sente a arxila medrar como unha estrela.

A luz desce nos ollos a súa flor inflamada
e a brisa acende a tarde no fonal das mariñas.
Betanzos entre ríos é un perfil namorado
cara o mar que é destino, como fermosa nave
que vai partir no instante, na lágrima da tarde
que detén o crepúsculo e no brillo incesante
da luz e da alegría.

Betanzos é unha tarde que acontece na alma
cando a luz é un milagre, toda a patria soñada.

♦♦♦

Mención honorífica: **Xoán X. Piñeiro Cochón**,
de Salcedo, Pontevedra.

QUEN TE SOÑOU BETANZOS (CAN DE SAN ROQUE)

Quen te soñou Betanzos na pedra esmorecente
que estarrece de luz a carraxe da tarde.
Quen te imaxina inzado de antigas reterías
polas vidas de aqueles que foron alicerces.
Teu aire pendurado, impunemente aceso
no nácar dunha néboa, neitegada do día,
baixa ós brazos dos ríos que teiman sementarte

buscando bacelarse nalgún peito de ondas.
 Marca aquí nesta ponte, Betanzos, a lentura
 que o mergullar do tempo deixa polas olladas,
 que agullas ou gaivotas ou cachizas de vidro
 nidiamente nos traían o teu sal pola mágoa.
 Quen che levou a espuma debecida de lúas,
 derrubada nas ondas lenes coma latexos,
 e quen aquel verdello antigo como a pedra
 que en ti outonecía floración de tenrura.
 Pedra en noites guindadas cando o vento retira
 a súa escura queixa verdecida de xuncos,
 no engurrar das luces devaladas, medosas
 no sarabullo certo dun novo luscofusco.
 Betanzos das encostas, estarricado cedo
 nos nomes dos lugares raiolados de sono,
 onde ventar historias dando garda ós camiños
 sobre un son montesío, verde e gris derrubado.
 Betanzos emigrante, de acenos como velas
 nos mastros que compoñen ceos esfarrapados.
 Retirado Betanzos de agochadas renuncias
 a ese mar suprimido no horizontal dos ollos.
 Mar de máis morna mágoa no seu salgar calado
 que nin no vento tivo o noivado da xerfa.
 Sal de auga sen cura afeita ós mareantes,
 vida de antigas rotas que en ti fixeron feira.
 En que leiras do tempo, en que rúas mainiñas,
 en que sino, Brigantium, acougaches na pedra.
 Tanto senti-los ríos nalgunha parte nenos
 e morres cando viven e cando máis se perden
 onde medrar é todo un destintar de terra.
 Lañado nas túas tardes de prendas esquecidas
 pola praza que enche o sospirar do día,
 no teu cómaro incerto, Betanzos transparente,
 arriba a señardade na feluxe da calma.
 Aquí pandaron tempos coma ronseles xotos
 nas pálpebras da tarde onde as naves partían.
 Acolá houbo escumas cun sospirar de terra
 de colleitas fondías coma cunchas no peito.
 Máis alá, polo alto, o lombo dos teus montes
 dá garda ó tempo mesmo fuxidío de nomes.
 Quen dixo do teu porto que seu bico era morno,
 enmofado da verde vaguedade das algas,
 e que era doce a prata que adoitaba fundirse
 no azul esvaído dos teus ceos polo maio.
 E que na mesta pedra do teu chan acorado
 o teu aire, Brigantium, ben soa a neitegada
 na pel de propiaño dos teus recantos vellos;
 na rúa dos Ferreiros, Prateiros e a Cañota
 onde soñar o castro que un día che dou corpo.
 E agora, pola fronte afogada de historia,
 aínda me preguntas onde se volve a vida,
 cando falar de mar, por que este tempo estraga
 co formigón afouto das avesías teimas.
 Velaí como amosas algunha laña certa,
 un baño de tinta anestesiando a letra,

e un guión denegrado de irreversible coma,
profundo como un río fuxidío de acentos;
punto e guión se cadra son un corpo guindado
ou un paso esquecido, Betanzos, na sintaxe
do teu pasado feito de adoecidas rozas
que vixían o tempo coma os xuncais as augas.
Se cadra o teu Mandeo, en algures ferido,
remenxido de areas tamén te soña e sabe
que te suliña a vida como á alma a memoria.
Onde podes, daquela, predicir que remata
a ortografía antiga desas augas máis túas.
E o mesturar dos sangues, como promesas xotas
campando polas vidas o mesmo que un andazo,
e as bocas, e as palabras coma bochas abertas,
¿onde non eran gume, cando só ventoleira?
Ti sabes que as olladas voan como faíscas
e pandan sen un chíio coma paxaros cegos.
Toma, conxuga o cute deste horizonte inzado
e a cambra de marchar sen sementar ausencias.
Cantos latexos; si, son puntos suspensivos
no paréntese escuro que aínda chamamos vida.
Ai, lene contraño, contracorrente sempre
suliñando o teu nome de estarrecida tinta.
O teu Globo é o punto da ortografía enteira
na sintaxe final que foguetea os ceos,
un aire que xa estoupa na fronte da túa festa,
sobranceiro Betanzos e, en ti mesmo, vivo. □